



## CIRCULAR INFORMATIVA CURSO 2016-2017

### 1. As Entradas e Saídas do Centro.

O alumnado de **Infantil e Primaria** terá a **entrada e saída** do Centro pola cancela grande da Avda. Bouza Brey (abrírase ás 8:45 para o alumnado transportado) e a da Avda. Delio Rodríguez .

A entrada é ás 9:00 e pecharanse as portas ás 9:05. Rógase **PUNTUALIDADE**.

O alumnado de educación infantil será entregado e recollido pola súa familia.

**Se vos retrasades** e encontrades a porta pechada, dirixirvos á secretaría co voso fillo/a. Alí, cubriredes un impreso e o seu fillo/a será levado a aula polo persoal do centro, agás o alumnado de infantil que será a propia familia quen o leve ata a súa aula.

Non se permitirá o paso ao interior do Centro a ningún pai/nai (entendéndose como Centro TODO o recinto escolar) durante o horario lectivo.

No momento da saída abandonarase o patio do Colexio e non se permitirá que o seu fillo/a se quede xogando.

Terase en conta que non se pode aparcar no sitio reservado aos autobuses escolares, e procurar non producir atascos diante do colexio para facilitar a saída do alumnado. Na rúa Amado Garra (a 100 metros do colexio) tedes un aparcadoiro gratuíto.

### Medidas a tomar no caso de retraso do alumnado á entrada.

DIVISIÓN DAS SESIÓNS	SESIÓNS	HORAS	
	1ª	09.00 – 09:55	O retraso puntual e concreto xustificárase por escrito na secretaría do colexio.
	2ª	09:55 – 10:50	O/A alumno/a que se incorpore tarde ao colexio, o fará sempre nos cambios de clase.
	3ª	10:50 – 11:45	O retraso reiterativo xustificárase por escrito, e se a situación
Recreo		11:45 – 12:15	anómala se mantén, darase parte á autoridade competente (Servizos
	4ª	12:15 – 13:10	
	5ª	13:10 – 14:00	Sociais).

#### ➤ Saídas anticipadas do alumnado.

Se un alumno abandona o recinto escolar por algún motivo xustificoado (encontrarse mal, acudir a consulta médica...) farao **acompañado polo pai, nai, titor/a legal ou persoa autorizada, NUNCA SÓ**.

A persoa autorizada recollerá ao neno/a na secretaria, onde deixará constancia **por escrito**, cubrindo o impreso correspondente. **Non se autorizará ningunha saída solicitada mediante chamada telefónica.**

.....  
(✂ cortar por aquí)

**Enterado/a**

**(Pai/Nai ou titor legal do alumno/a: .....)**

**Asdo.:**.....  
**DNI nº** .....